

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0265	Patróns	2023/2024	6	123	123

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL CARMEN ROSALES LOIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

- Confeccionista.
- Axudante de xastraría e modistaría.
- Especialista en confección.
- Oficial de confección.
- Cortador/ora de pezas e artigos téxtiles.
- Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar.
- Cosedor/ora ensamblador/ora.
- Marcador/ora cortador/ora de pezas e artigos en téxtil e pel.
- Pasador/ora acabador/ora.
- Operador/ora de máquinas de remate

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Toma de medidas sobre o modelo en relación co sistema do talle	Toma de medidas sobre o corpo o manequí	10	10
2	Identifica as pezas ou os patróns que compoñe un modelo e reconece as súas formas e dimensións	Patróns principais e secundarios que compoñen o modelo	15	30
3	Elabora patróns base aplicando os perfís establecidos	Normas de trazado na elaboración de patróns base	38	30
4	Transforma patróns base e verifica a súa adaptación as características do modelo	Transformación de patróns base segundo as características do deseño.	60	30

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Toma de medidas sobre o modelo en relación co sistema do talle	10

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Toma medidas sobre o modelo en relación co sistema de talle.	SI
RA3 - Elabora patróns base, aplicando os perfís de patronaxe establecidos.	NO
RA4 - Transforma patróns base e verifica a súa adaptación ás características do modelo.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Indicáronse sobre o corpo humano os puntos básicos para a toma de medidas.
CA1.2 Relacionáronse as dimensións antropométricas cos procedementos de medida.
CA1.3 Determinouse o talle axustado ao uso da peza.
CA1.4 Expresouse o talle coa nomenclatura normalizada (UNE, ISO).
CA1.5 Comparáronse o talle nos sistemas normalizados de talle.
CA1.6 Elaboráronse táboas de medidas de patronaxe.
CA3.1 Identificáronse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón.
CA4.6 Comprobouse que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Configuración anatómica: Tipos e características de canons.
Puntos básicos para a toma de medidas: sétima cervical, peito, tórax máximo, etc.
Toma de medidas para patronaxe de xeito directo: perimetrais e lonxitudinais.
Talle dunha peza. Nomenclatura e expresión dos talles: estatura, peito, cintura, cadeira, pescozo, cabeza e DROP.
Medidas antropométricas: sectores de poboación. Identificación de puntos. Tipos de pezas.
Identificación e expresión do talle: unidimensional, bidimensional e tridimensional.
Sistemas normalizados de talles: normas UNE e ISO. Intervalos por talle. Segmento de poboación.
Táboas de medidas.
Correspondencia coas medidas anatómicas: táboa de TNE. Medidas de pezas rematadas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Identifica as pezas ou os patróns que compoñe un modelo e recoñece as súas formas e dimensións	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica as pezas ou os patróns de que compoñía un modelo, e recoñece as súas formas e as súas dimensións.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificouse e clasificou o tipo de peza.
CA2.2 Determináronse os volumes das pezas e os factores que inflúen na execución do patrón (funcionalidade e estética).
CA2.3 Identificáronse as características dos compoñentes da peza.
CA2.4 Analizouse o deseño, para o que se descompuxo o modelo que se vaia realizar en pezas planas (patróns).
CA2.5 Determinouse o tipo de material que se vaia empregar.
CA2.6 Determinouse a dirección e a posición das pezas do modelo.
CA2.7 Elaboráronse fichas de patronaxe.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Despezamento dun modelo.
Volumes e características funcionais dunha peza: modelo e funcionalidade. Materias e tipos.
Descomposición do volume do modelo en figuras planas: cálculo de medidas. Sistema de patronaxe.
Factores que inflúen na execución do patrón (funcionalidade e estética): durabilidade, comodidade, conservación, aspecto, moda, axuste, calidade e prezo do produto final.
Características dos compoñentes da peza: forma e dimensións. Patróns principais, secundarios e auxiliares.
Selección dos materiais: funcionalidade, tipos e características. Tecido exterior, forros e entrañas.
Composición de patróns a partir dun modelo: bases anatómicas, transformadas e manipuladas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Elabora patróns base aplicando os perfís establecidos	38

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora patróns base, aplicando os perfís de patronaxe establecidos.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse as medidas de patronaxe necesarias para realizar o patrón.
CA3.2 Identifícanse o número de pezas e as súas formas.
CA3.3 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles para realizar patróns.
CA3.4 Realizouse o patrón base en función táboa de medida de patronaxe.
CA3.5 Verificouse a exactitude das medidas.
CA3.6 Aplicáronse sinais de costura ou unión e posición.
CA3.7 Aplicáronse as marxes de costura.
CA3.8 Cortáronse os patróns axustándose aos perfís establecidos.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Materiais, ferramentas e útiles para a elaboración de patróns. Elaboración de patróns segundo as TNE e á medida: técnicas manuais e informáticas. Sistemas de patronaxe. Informática: sistemas e equipamentos. Industrialización de patróns. Sinais de unión e posición: marcas interiores de posición e marcas exteriores de coincidencia. Piquetes de referencia: marcas de posición. Marxes de costuras: tipos, localización e características. Disposición de fornituras e requisitos do patrón en función delas. Correspondencia das medidas. Verificación comparativa entre patróns de medidas anatómicas e medida normalizada segundo as TNE. Sector de poboación. Tolerancias estimadas e/ou desafogos. Medidas do patrón e medidas de usuario. Corte de patróns: prevención de riscos laborais.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Transforma patróns base e verifica a súa adaptación as características do modelo	60

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Transforma patróns base e verifica a súa adaptación ás características do modelo.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os tipos de transformacións.
CA4.2 Aplicáronse transformacións sinxelas debuxadas sobre o patrón.
CA4.3 Manipulouse o patrón para a súa transformación acaída á forma requirida.
CA4.4 Verificouse a adaptación funcional e estética do modelo.
CA4.5 Identifícanse as posibles rectificacións.
CA4.6 Comprobouse que as medidas corresponden coas da ficha de patronaxe.
CA4.7 Verificáronse os percorridos dos contornos dos patróns.
CA4.8 Sinaláronse as marcas exteriores e interiores.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Corte de patróns: prevención de riscos laborais.
Transformacións sinxelas en dianteiros, costas, traseiros, colos e mangas.
Alteración de volumes e formas: dobras, pregamentos, cortes asimétricos, godets, nesgas, drapeamento, etc.
Manipulación de patróns: cortes verticais, horizontais, de fantasía e entallamentos.
Correspondencia coas medidas anatómicas: táboa de TNE. Medidas de pezas rematadas.
Rectificación de patróns: volume, tolerancias, longo, largura, DROP e configuracións anatómicas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Obtención de medidas nos puntos básicos (peito, tórax, talle, cintura, cadeira...)
- Realización de patróns a partir dunha táboa de medidas.
- Despezamento dun modelo.
- Identificación das características dos compoñentes dunha peza e diferenciación entre patróns principais, secundarios e auxiliares.
- Selección dos materiais, ferramentas e utensilios para elaboración de patróns.
- Elaboración de patróns-base.
- Realización da industrialización de patróns.
- Realización do corte de patróns seguindo as normas de prevención de riscos laborais.
- Realización de transformacións sinxelas do patrón-base en dianteiros, costas, traseiros, colos e mangas.
- Realización de rectificaciós de patróns.
- As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na toma de medidas e no desenvolvemento de modelos de confección e cos seguintes criterios:
  - Identificación dos talles en relación ás medidas.
  - Recoñecemento de formas e dimensións dos modelos.
  - Recoñecemento e toma das medidas antropométricas.
  - Aplicación de técnicas para realizar patróns.
  - Aplicación de técnicas para a confección de prototipos.
  - Verificación do prototipo e comprobación do seu axuste ao modelo.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O desenvolvemento da avaliación continua se realizará da seguinte forma:

1. Probas teórico-práctico 40%. Constará dunha proba teórico -práctica relacionada cos contidos da avaliación correspondiente. Poden ser probas tipo test, preguntas de desenvolvemento, exercicios prácticos ou a combinación delas. Para superar a avaliación a calificación deberá ser igual ou superior a 5 puntos. A proba será presencial.

2. Traballos prácticos 60%. A calificación será a media aritmética de todos os traballos e actividades realizados na avaliación correspondiente. A entrega de traballos será presencial, é indispensable a entrega no prazo marcado para a súa corrección. No caso de non cumprir os prazos establecidos será penalizado coa metade da nota correspondente a ese traballo.

A cualificación da avaliación será a acadada polo alumno/a sendo a media ponderada das probas: teórica- práctica e traballos realizados no taller, obtendo en ambas partes unha calificación de 5 ou superior en cada unha delas.

Cálculo da cualificación final (xuño) da avaliación:

A calificación final (xuño) será a que obteña o alumno/a aplicando a media aritmética das avaliacións 1ª e 2ª e coincidirá coa calificación da 2ª



avaliación do módulo.

Para aprobar o curso é necesario obter un 5 como mínimo en cada unha das avaliacións.

A calificación do módulo será de 1 a 10 sen decimais.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

En cada avaliación parcial farase un exame de recuperación que consistirá nunha proba teórico-práctica sobre os contidos explicados na avaliación. A calificación será de 1 a 10 sen decimais e para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha puntuación igual a 5 ou superior.

A recuperación das avaliacións parciais faranse ao comezo da avaliación seguinte salvo en ocasións excepcionais (se da tempo) dentro da avaliación correspondente ao seu remate..

O alumnado que non acade durante o curso unha avaliación positiva, realizará unha proba teórico-práctica na avaliación final (Xuño) de todos os contidos do módulo.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Segundo a lexislación vixente, no caso de perda do dereito de avaliación continua, o alumno/a realizará unha proba teórico-práctica, baseada na programación oficial do módulo e cos contidos que figuran nas unidades didácticas cos mesmos criterios de avaliación recollidos nesta programación.

Esta proba será publicada en tempo e forma e será presencial, realizarase no mes de marzo (previa a FCT). O alumnado con avaliación positiva terá acceso ao módulo de FCT no periodo ordinario (marzo- xuño).

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A proba de PD será teórico-práctica e a súa calificación será sobre o 100% dos contidos do módulo,; será necesario acadar un 5 ou superior para obter un avaliación positiva.

A calificación do módulo será de 1 a 10 sen decimais.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través da consulta aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula-taller, as técnicas de avaliación, así como que indiquen si se acadaron os obxetivos das distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó ser uns contidos que se repiten durante o curso, debe terse en conta o momento no que se realiza a súa elaboración, os contidos conceptuais de partida, as habilidades e destrezas que posúen, así coma a dificultade da elaboración.

Realización de preguntas, exercicios prácticos e de observación na realización das actividades propostas para constata-los coñecementos previos dos alumnos, e poder avaliar posteriormente a súa progresión.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No módulo contemplase a flexibilidade modular e o reforzo educativo dentro da aula como elementos de axuda para axustarnos ás necesidades dos alumnos/as.

O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas é o titor xunto coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación

O profesor/a na aula poderá realizar reforzo co alumnado con dificultades no módulo:

1.- Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos:

Obtención de medidas nos puntos básicos (peito, tórax, talle, cintura, cadeira...).

Realización de táboas de medidas.

Despezamento dun modelo.

Identificación das características dos compoñentes dunha peza e diferenciación entre patróns principais, secundarios e auxiliares.

Selección dos materiais, ferramentas e utensilios para a elaboración de patróns.

Elaboración de patróns-base.

Realización da industrialización de patróns.

Realización do corte de patróns seguindo as normas de prevención de riscos laborais.

Realización de transformacións sinxelas do patrón-base en dianteiros, costas, traseiros, colos e mangas.

Realización de rectificación de patróns.

2.- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado.

3.- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título como son:

Interpretar a información técnica do produto e de fabricación empregada na confección téxtil e de prendas de pel, coa finalidade de organizar e realizar o seu traballo de xeito autónomo e coas técnicas propias da súa produción.

Realizar o desenvolvemento das fases do proceso asignadas a patronaxe, asegurando o óptimo rendemento dos medios e recursos de produción.

Adaptarse ás diferentes situacións ou postos de traballo, e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos.

Elaborar patróns para confección á medida de artigos de vestir, adaptándose ao modelo.

Cumprir cos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo, conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.

Resolver as incidencias relativas á propia actividade e identificar as súas causas, con responsabilidade á hora de tomar decisións.

Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que derivan das relacións laborais, en consoancia co establecido na lexislación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

-Educación ambiental: Sensibilizarase ao alumnado sobre a necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, con vistas á protección do medio ambiente. Así mesmo, fomentar nos futuros traballadores o espírito de traballo respectando os niveis de calidade e seguridades exixidos.

-Educación para a Paz: non violencia e cooperación: En tódalas unidades didácticas se espoñen diversas estratexias para o traballo en equipo, entre outras, a participación na toma de decisións, o que conleva unha actitude de respecto hacia outras opinións e a aceptación da opinión maioritaria. Igualmente, no equipo e no posto de traballo haberá que traballar de xeito responsable e maduro, aceptando os obxectivos que se han de conseguir, aceptando as consecuencias das propias decisións e asumindo responsabilidades.

-Reciclaxe de materiais e residuos na aula taller de: agullas, papel, tecidos, aceites e todos aqueles materiais que se poidan reciclar.

-Educación non sexista: promoverase unha educación onde non exista división entre o que se espera de homes e mulleres de acordo aos estereotipos da sociedade actual, promovendo o respecto e o valor da diversidade.

-Fomento de traballo Cooperativo: Valores como o traballo en equipo, empatía, respecto, tolerancia, responsabilidade das propias tarefas fomentaranse no traballo na aula de cara a formación como futuros traballadores en empresas.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no centro integrado e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación.

A temporización repartirase nos dous trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE FORMACIÓN**

- Visitas a empresas textis , museos e outras, na comunidade autónoma e fora de ela.
- Visitas a feiras na comunidade autónoma e fora de ela.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

- Actividades do magosto cooperando en actividades co centro

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

- Non se establecen

**10.Outros apartados****10.1) outros apartados**

Avaliación do módulo:

Criterios de cualificación

Responderán ó desenvolvemento da avaliación continúa nas súas diferentes fases: Avaliación Contínua e Avaliación Final ou sumativa..

A avaliación continua terá en conta o seguinte:

Unha parte conceptual e unha procedimental que se avaliarán dun xeito independente. As probas puntuaranse de 1 a 10 sen decimais e será imprescindible acadar un 5 ou superior.

-40% conceptuais: 4 puntos(Exames e probas teórico- prácticas)

O total da puntuación asignada a este apartado dividirase entre o número de exames ou probas propostas en cada avaliación trimestral  
Probas orais, escritas e traballos realizados.

As probas poderán consistir, dependendo dos temas a avaliar, en: exames de temas para o seu desenrolo, exames con preguntas para responder brevemente ou exames tipo test con distinto número de preguntas; teranse en conta os traballos ou actividades realizadas e entregadas ou expostas na aula.

Lista de control de exercicios realizados:Realización de exercicios escritos ou orais según proceda;resolución de cuestionarios,elaboración de mapas conceptuais,esquemas,análise de procedementos de elaboracións representativas,etc.

Lista de observación de dinámicas;Participación en debates,preguntas e respostas, simulacións, datos actitudinais relevantes ,etc.

-60% procedimentais: 6 puntos(Prácticas de taller)

Todas as actividades propostas inicialmente e resultado final

Preelaboración e elaboración realizadas

Revisión periódica

A entregar dos traballos fóra de prazo: penalizarase coa metade da nota correspondente a ese traballo.

Táboa de observacións de dinámicas no taller

1. Posta a punto
2. Capacidade para a execución
3. Desenrolo-execución do traballo
4. Destreza e rapidez
5. Resolución de problemas ou imprevistos
6. Resultado

7. Creatividade
  8. Limpeza e orden
  9. Cuidado do material
  10. Puntualidade
  11. Asistencia
  12. Responsabilidade
  13. Grado de aceptación-actitude ante os traballos propostos
  14. Adaptación-execución do traballo en grupo
  15. Actitude co profesor e cos compañeiros
  16. Colaboración no traballo cos demais grupos, axuda e voluntariedade en tarefas alleas
  17. Educación
  18. Iniciativa
- Instrumentos Avaliación(OU)